

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fan públicas as puntuacións definitivas do baremo do procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas, convocado pola Orde do 4 de xuño de 2020 (Diario Oficial de Galicia núm. 122, do 22 de xuño).

Mediante a Orde do 4 de xuño de 2020 convocouse procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas dependentes desta consellería. (DOG n.º 122, do 22 de xuño).

Consonte coa base 7.3 da Orde do 4 de xuño de 2020, por resolución do 1 de setembro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, publicáronse as puntuacións provisorias do baremo, agás as subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4, e mediante a resolución do 5 de novembro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos publicáronse as puntuacións provisorias do baremo correspondente as subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4.

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra as citadas resolucións e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, e aos efectos de darlle cumprimento ao disposto na base sétima da Orde do 4 de xuño de 2020, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro: Publicar na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal), de acordo co que establece a base 7.5 da Orde do 4 de xuño de 2020, as puntuacións definitivas do baremo, agás as subepígrafes 3.2.1 (independentemente da modalidade acollida segundo a base 3.5) e 3.2.4, por corpos, reservas e especialidades (que figuran como Anexo I desta resolución), outorgadas pola comisión baremadora.

Segundo: Publicar na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal), de acordo co que establece a base 7.5 da Orde do 4 de xuño de 2020, as puntuacións definitivas do baremo correspondentes as subepígrafes 3.2.1 e 3.2.4, por corpos, reservas e especialidades (que figuran como Anexo II desta resolución), efectuada polos tribunais cualificadores nomeados mediante Resolución do 30 de xullo de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos.

Terceiro: Contra as puntuacións definitivas, de conformidade coa base 7.6 da Orde do 4 de xuño de 2020, o persoal concursante poderá interpoñer, por algún dos medios que se establecen na base 3.8 da antedita orde, recurso de alzada ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun (1) mes desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, consonte ao establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Anexo I: BAREMO DEFINITIVO AGÁS AS SUBEPÍGRAFES 3.2.1 E 3.2.4.

Anexo II: BAREMO DEFINITIVO CORRESPONDENTE AS SUBEPÍGRAFES 3.2.1 E 3.2.4.

